

VII CICLO DE TEATRO COMUNITARIO PROXECTO AD HOC *A CONVIVENCIA ENTRE LINGUAS*

PRESENTACIÓN

A Facultade de Ciencias da Educación da USC pretende seguir creando un encontro a través do cal achegarnos á manifestación teatral de diferentes grupos que desenvolven a súa actividade nas vilas e aldeas de Galicia, e deste xeito reflexionar sobre o significado do teatro na vida asociativa e comunitaria.

Un ano máis, impulsamos un proxecto que, dende os seus inicios, incidiu de xeito moi consciente e esforzado no labor de dar visibilidade ao traballo que as agrupacións de teatro amador vencelladas a distintas estruturas sacan adiante cada tempada.

Nesta sétima edición do Ciclo, parece lóxico dar un paso adiante, abrir as fiestras a novos aires que o sitúen á vangarda das convocatorias destinadas ao teatro amador galego. Así, a nova liña de acción principal foi a aposta pola conversión da mostra nun proxecto que promova unha apertura a un teatro anovador,

un teatro de creación no que as agrupacións poidan establecer contacto con novos modos de facer e afrontar este reto con motivación e alegría. Sen esquecermos nunca os alicerces principais que o *Ciclo* mantivo durante estas seis edicións: o carácter comunitario deste teatro e a comunicación directa entre compañías e público.

A intención da Comisión Organizadora é traballar tendendo unha rede de colaboración entre as agrupacións participantes, favorecendo o apoio mutuo no proceso de creación de xeito que poidan compartir claves, preguntas, experiencias, etc.

E deste xeito, nace o proxecto AD HOC, que ten como finalidade reunir a varias compañías de teatro amador para a creación dunha peza por compañía participante que cumpra coas seguintes condicións:

- Ser unha creación colectiva orixinal ideada e creada especificamente dentro do GRUPO DE TRABALLO.
- Esta peza terá unha duración de entre 12 e 15 minutos.
- O seu eixo temático -a convivencia entre linguas-, será

tratado libremente por cada compañía.

OBXECTIVOS

- Visualizar a convivencia entre linguas en Galicia a través da representación teatral.
- Xuntar a diferentes compañías creando un grupo de traballo que permaneza unido en prol da creación dunha estrutura teatral común na que se insire a peza de cada compañía.
- Proporcionar un espazo de representación, debate e expresión aos diferentes grupos de teatro de Galicia no contexto universitario. Crear canles de comunicación entre os grupos de teatro da Universidade e os diferentes grupos teatrais que temos en Galicia.
- Ter a oportunidade de analizar diferentes proxectos teatrais que se desenvolveron no noso país.
- Manter intercambios con diferentes grupos teatrais de Galicia.
- Acoller na Facultade a voz e o saber de diferentes grupos de teatro que desenvolven a súa actividade nas vilas de Galicia.
- Achegar a realidade teatral galega e universal aos estudantes universitarios.
- Fomentar o teatro entre os estudantes e o colectivo da universidade en xeral, como unha

actividade artística, de lecer e de formación.

- Coñecer e reflexionar sobre iniciativas promovidas por profesionais do ámbito escolar e da educación social relacionadas co mundo teatral.

DESTINATARIOS/AS

Alumnado, persoal da Universidade de Santiago de Compostela e cidadanía en xeral interesada no mundo teatral.

INFORMACIÓN

A Mostra do PROXECTO AD HOC desenvolverase no **CSC. Santa Marta** en Santiago de Compostela os días 2, 3 e 4 de abril de 2014.

Durante cada xornada o público, dentro dun réxime de aforo reducido, terá a posibilidade de ver tres pezas diferentes en espazos distintos do CS. Santa Marta. Cada peza poderá ser vista por ata 60 persoas.

A entrada para cada peza será **de balde** e poderá ser retirada nos puntos que acorde a Rede Municipal de Centros Socioculturais do Concello de Santiago e na Secretaría das dúas sedes da Facultade de Ciencias da Educación da USC (Campus vida e Campus Norte.)

MÉRCORES 2 DE ABRIL		
SALA 1 ---	SALA 2 --	XARDÍN ---
Cía. Carauta 17.30h. (15 esp) 18.15h. (15 esp) 19h. (15 esp) 19.45h. (15 esp)	Cía. Enlata 17.45h. (20 esp) 18.30h. (20 esp) 19.15h. (20 esp)	Cía. Teatro de Peto 18h. (20 esp) 18.45h. (20 esp) 19.30h. (20 esp)
De 20.20h a 21h. Encontro co público na SALA 2		

XOVES 3 DE ABRIL		
SALA 1 ---	S. AGUSTÍN MAGÁN ---	TERRAZA --
Cía. Tolemia 17.30h. (15 esp) 18.15h. (15 esp) 19.00h. (15 esp) 19.45h. (15 esp)	Cía. Tuideas 17.45h. (30 esp) 18.30h. (30 esp)	Cía. Feito a propósito 18h. (20esp) 18.45h. (20esp) 19.30h. (20esp)
De 20.20h a 21h. Encontro co público na SALA 2		

VENRES 4 DE ABRIL		
SALA 1 ---	SALA 2 --	SALA 3 ---
Cía. Iliria 17.30h. (15 esp) 18.15h. (15 esp) 19h. (15 esp) 19.45h. (15 esp)	Cía. Farrapo 18.00h. (20 esp) 18.45h. (20 esp) 19.30h. (20 esp)	Cía. O Aturuxo de Melpómene 17.45h. (20 esp) 18.30h. (20 esp) 19.15h. (20 esp)
De 20.20h a 21h. Encontro co público na SALA AGUSTÍN MAGÁN		

Organizan: Comisión Cultural da Facultade de Ciencias da Educación e *Enlata Teatro* Grupo de Teatro da Facultade de Ciencias da Educación.

Colaboran: A Rede de Centros Socioculturais de Santiago, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG), o Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA), a Rede de Investigación e Formación para a Cidadanía e a Sociedade do Coñecemento (RINEF-CISOC), a MESA pola Normalización Lingüística e a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación.

